

A INVENTIVA: (IMAXINACIÓN E FANTASIA) A TRAVÉS DA CULTURA POPULAR E DA CULTURA QUE NOS CIRCUNDA

Helena Sánchez Rodríguez

No **ensino-aprendizaxe** é moi importante que o punto de partida sexa a *inventiva*: (**imaxinación e fantasía**).

A imersión do alunado en prácticas de inventiva é un exercicio extraordinario, que lle permitirá ir chegando dun xeito *inconsciente* aos **contidos** dos programas; neste caso a: “**conceitos lingüístico-literarios**”.

A inventiva pode-se despertar e guiar e isto é tarefa da escola. Sabe-se, por exemplo, que os aspectos creativos da **composición**: (descrición, narración, etc), aparecen moi ligados á acumulación de **experiencias**: (sensoriais e emotivas); estas están rexistradas na mente das persoas, e están ali, esperando ser estimuladas e recordadas.

A este despertar do xa coñecido, contribue dun xeito moi efectivo a **cultura popular** e tamén a **cultura que nos circunda**.

CULTURA POPULAR + CULTURA CIRCUNDANTE

Observación		Asociacións
Curiosidade	<u>INVENTIVA</u>	Orixinalidade
Fluidez Mental e Verbal		Várias Solucións

CULTURA POPULAR + CULTURA CIRCUNDANTE.

ACTIVIDADES QUE CONTRIBUEN A EDUCAR A INVENTIVA:

1.- Observación.

Consiste en reparar nun “obxecto” ou nun “feito” coa maior imparcialidade posíbel; evitando a inmediata estruturación das percepcións.

2.- Utilizar todos os sentidos durante a observación:

(vista, ouvido, olfato, gosto e tacto).

3.- Orixinalidade.

A orixinalidade consiste en responder a unha situación dunha maneira pouco comun, intelixente, extraña e infrecuente.

4.- Facer asociacións ou analogías.

Nestas, deben-se procurar relacións entre os feitos, conceptos, acontecementos, palabras, etc.

5.- Saber dar a unha cuestión ou problema varias respostas.

Unha opción presenta-se-nos como máis interesante, cando temos a posibilidade de poder escollé-la entre varias.

6.- Desenvolver fluidez mental e verbal.

Pensar en ideas apropiadas a unha situación; en palabras relacionadas con outras, por exemplo, canto á estrutura fónica, semántica, etc.

7.- Estimular a curiosidade.

Isto levará-nos a averiguar, a analizar, a saber o por que das cousas; para así podermos tomar unha decisión.

Este tipo de actividades nas aulas, irán permitindo progresivamente que o alumnado vaia substituíndo o incorrecto polo correcto, dun xeito lúdico e inconsciente; porque a pedagogía da imaxinación e da fantasía é unha senda que conduz á realidade e nesta pedagogía entra a **cultura popular** e a **cultura que nos circunda**.

¿COMO OBSERVAR UTILIZANDO TODOS OS SENTIDOS?.

Nesta exemplificación, parte-se, en primeiro lugar, dunha característica xeral; a continuación van-se describindo outras características máis concretas, que son captadas por cada un dos sentidos: (vista, ouvido, olfato, gosto e tacto).

O interesante da actividade: é a práctica de habituar ao alunado a usar todos os sentidos nunha observación.

Estas actividades son efectivas, entre outras cousas, para a descrición, relato, etc.

Intentamos describer, por exemplo, “o viño”:

- | | |
|--|-----------|
| 1.- Hai-no sempre en todas as festas. | (xeral). |
| 2.- Pode ser escuro, claro ou claro-escuro. | (vista). |
| 3.- É frío e suave. | (tacto). |
| 4.- Sabe a mel ou a fel. | (gosto). |
| 5.- Pode ulir a fruta | (olfato). |
| 6.- Con el pode-se facer choc-choc ou glu-glu. | (ouvido). |

¿COMO DESENVOLVER A ORIXINALIDADE?:

Para adquerir práctica no desenrolo da *orixinalidade* podemos servir-nos de **ditos, pro-
vérbios e refráns.**

a): **Unir parte dun dito con parte doutro dito.**

- Ser agudo como un allo.
- Meter-se en camisas de once varas.
- Gaivotas á terra mariñeiros á merda.
- Saber a raios.
- Ser de armas tomar.
- Estar polas nubes.

Os resultados do alunado van ser distintos, ademais de orixinais, xa que as decisións dependen de múltiples factores.

b): **Inventar ditos lóxicos.**

- Máis longo (**que un día sen pan**).
- Máis longo que unha noite de medo.
- Máis longo que unha noite de pé.
- Máis longo que un día de escola.
- Máis longo que unha enfermidade.
- Máis longo que o trimestre que precede ás vacacións.
- etc.

c): **Traballar con procesos lóxicos.**

- Se mañá vai sol, non chove e amaina o vento, de seguro teremos bon tempo.
- As tres condicións do cuco: se chove teño-me que acoller, se vai sol teño que pór-me á sombra, se está nublado teño que cucar; pouco me queda para traballar.

d): **Realizar modificacións recurrentes de ditos.**

- Quen mal anda (**mal acaba**).

- Quen mal anda coxo acaba.
- Quen mal anda tarda moito en chegar.
- Quen mal anda non pode competir nunha carreira.
- Quen mal anda termina con callos.
- Quen mal anda coñece máis a vida.
- etc.

e): **Facer interpretacións literais e figuradas de ditos.**

- Estar a ve-las vir:
 - a): Sen nada. (**figurada**).
 - b): Esperar a ve-las vir a elas. (**literal**).
- Ver as estrelas.
 - a): Ter moita dor por causa, por exemplo, dun golpe.
 - b): As do firmamento; as dos filmes.

f): **Inventar ditos, provérbios e refráns:** (para ser feliz; para cando se perde algo; para ter sorte; para gañar no xogo; para botar o mal-de-ollo; para que desaparezan as verrugas; para namorarse; etc.

OUTRAS ACTIVIDADES QUE CONTRIBUEN AO DESENVOLVIMENTO DA ORIXINALIDADE:

a): **Parecidos:** (nos que hai unha diferenza evidentísima).

- ¿En que se parece unha gaita-de-fol a un televisor?.
- Coa gaita podemos tocar unha muiñeira e co televisor non.
- A gaita contribue á actividade e o televisor á inactividade.
- etc.

b): **Frases espontáneas que se usan con matices cómicos.**

- ¿Que pensas de tal persoa?.
- Está ben, mais o nariz **perde-a**; a boca, ¡**xa o ves!**...

c): **Respostas-disparate.**

- ¿Que é o dumo?.
- É un elefante. / É un tipo de avión. / É a primeira persoa do presente do verbo dormir.
- / etc.

d): **Greguerias.**

- ¿Que é un bolígrafo?:
- ¿Que é o i?
- ¿Que é o 2?:
- É un pau que mexa aos poucos.
- É un mosquito e a cria.
- É o proxecto dun pato.

Os ditos provérbios e refráns, valen tamén para chegar á asimilación-comprensión do que é **palabra complexa, frase, palabra simple**: (substantivo, verbo...).

1.- *Palabra Complexa.*

Porque estes son secuencias fixas de palabras que están **lexicalizadas** e funcionan como un único grupo estábel, equivalendo **funcional e semanticamente** a unha palabra única:

	<i>Significado</i>	<i>Clase pal.</i>
a): Ser agudo/a como un allo.	desperto/a	Adxectivo.
b): Ser entrado/a en anos.	vello/a.	Adxectivo.

Na lingua, igual que as palabras complexas funcionan tamén as **locucións adverbiais** ou **perífrases**: prepositivas, conxuntivas e verbais.

2.- *Frase.*

a): **Pór o seu significado.**

- Can ladrador, pouco mordedor. = (...).
- A xente traballadora descende de ma familia. = (...).
- Ao catarro dá-lle co xarro. = (...).

b): **Completar ditos:**

- Con pan e viño = (anda-se o camiño).
- Pescador de cana = (come máis do que gaña).
- Estar ás duras e = (ás maduras).
- Unha vez casarás e = (mil te arrepentirás).

3.- *Palabra simple*: (Substantivo, verbo...).

a): **Ditos incompletos no que se busca a Palabra Simple.**

- Até o cuarenta de Maio non quites o = (saio).
- Ter a mosca detrás da = (orella).
- Falar sen pensar é tirar sen = (apontar).
- Xogar e perder, pagar e = (calar).
- Do cu e do superior canto máis lonxe = (mellor).

SABER FACER ASOCIACIÓNS OU ANALOXIAS E DAR A CADA PROBLEMA MAIS DUNHA SOLUCIÓN:

Traballar a nivel de **asociacións ou analoxias** é moi importante. O interesante non é o descubrimento en si de algo, senón a práctica de habituarmo-nos a *técnicas* que nos axuden a desenvolver as nosas potencialidades.

Sabe-se que cada obxecto do pensamento vén definido coa axuda de conceptos afíns, de significación analóxica máis ou menos próxima. De aí a importancia desta técnica.

A persoa comprende as cousas mediante **asociacións ou analoxias**. Asíciase en función da cultura, da ideoloxía, da relixión, do medio xeográfico, da idade, etc. que cada quen ten.

Cando vemos por primeira vez algo que nos é descoñecido, pensamos en cousas que nos son coñecidas; deste xeito o que nos é distante aprésenta-se-nos como familiar.

¿Como introducir-nos nesta práctica a partir das adiviñas?.

Sensoriais: (vista, oído, olfato, gusto e tacto).

Tipos de asociacións:

Emotivas: (sentimentos).

Partimos de adiviñas tradicionais nas que non temos en conta o seu resultado. Cada quen, dun xeito coerente, dá-lle un novo resultado, asociando e interpretando o que quere dicer.

1. Sensoriais

Estaba funguin que fungaba,
debaixo de pinguin que pingaba,
e veu rapin que rapaba,
e levou a funguin que fungaba.

O resultado tradicional da adiviña é: (Estaba un porco debaixo dun carballo mollado e veu o lobo e levou o porco).

O alunado, en función do que coñece asícia a adiviña anterior de diversas formas, entre outras, as seguintes:

- a): O moco / o nariz / o pano.
- b): A barba / o nariz / a máquina-de-afeitar.
- c): O rato / o chourizo / o gato.
- d): A herba / a mangueira da auga / o corta-céspedes.
- e): O peixe / o anzó / pescador.

2. Emotivas

Nace na devesa,
chega á casa,
e dá tristeza.

A resposta na adiviña tradicional é o cadaleito; sen embargo, entre outros resultados das aulas, vexan-se os seguintes:

- a): O papel cando chega á casa en forma de facturas.
- b): O lume que desde o monte se vai acercando ás casas.
- c): O caxato que se usa na vellez.
- d): O pau que utilizan algúns profesores/as para pegar.
- e): O raposo que vén e come as galiñas.
- f): Un cogumelo venenoso que pode producir a morte.
- g): A droga.

Outras actividades que contribúen á práctica de asociar:

a): **Asociar “algo” con títulos de libros, música, filmes, deportes, etc.**

A continuación facemos asociacións da “actividade escolar”:

- ¿Que son as notas?: Sorrisos e lágrimas.
- ¿As explicacións do profesorado?: Viaxe á lua.
- ¿Un exame copiado?: A pegada do crime.
- ¿Que é un suspenso?: Crime e castigo.
- ¿Que é un día de aulas?: O día máis largo.
- ¿Que é acabar a carreira?: O fin dos bons tempos.
- ¿Que é o profesorado?: Parque xurásico.
- ¿Que é o ambiente estudantil?: Algo para recordar.
- ¿Que é o novo plano de estudos?: Que será, será.
- ¿Que é o inicio do curso?: Volver empezar.

Mediante asociacións tamén podemos traballar nas aulas co **substantivo e adxectivo**.

A partir, por exemplo, do **santorál** podemos encontrar adxectivos; este non é máis que un exercicio de lóxica e imaxinación.

En busca do Adxectivo:

- ¿Quen é San Primitivo?:
(O Santo máis **antigo** e **vello**).
- ¿Quen é San León?:
(O Santo máis **selvaxe** e **fero**).
- ¿Quen é Santo Domingo?:
(O máis **festeiro** e **divertido**).
- ¿Quen é San Severo?:
(O máis **severo** e **sério**).
- ¿Quen é Santa Flora?:
(A máis **florida**).

Partir de substantivos e adxectivos.

Aqui poden aparecer certas *deformacions* no **nome**; o que permite chegar á comprensión de certos conceptos fonético-fonolóxicos.

- ¿Cual é o Santo dos/das borrachos/as?
(San Francisco de *Anis*). (**Asociación fonoloxía**).
- ¿Cal é o Santo dos/das timadores/as?
(San *Timoteo*). (**Asociación fonética**).
- ¿Cal é o Santo dos/as condutores/as?
(San *Frenando*). (**A. Fonética: vulgarismo**).
- ¿Cal é o Santo do profesorado?
(San *Severo*).
- ¿Cal é a Santa dos tolos/as?
(Santa *Ida*).
- ¿Cal é o Santo dos/das que se drogan?:
(San *Canuto*).

En busca do Substantivo, verbo e advérbio.

Asociar nomes con apelidos curiosos, semellante a: Dores Fortes de Barriga.

Can	Ladra	Ben
-----	-----	-----
Substantivo	Verbo	Advérbio
Armando	Bronca	Segura
-----	-----	-----
Verbo	Substantivo	Advérbio.

b): **Parecidos:**

- ¿En que se parece un ovo a unha laranxa?
(En que teñen *casca*).
- ¿En que se parece un libro a unha árbore?
(En que teñen *follas*).
- ¿En que se parece unha discoteca á saída das aulas?
(En que hai *marcha*).

c): **Falsa adiviña:**

- ¿Que hai que facer para sacar un burro dunha corte?:
(*meté-lo dentro*).
- ¿De que cor dá o leite unha vaca negra?
(*branco*).

- ¿Cal é o principio do principio?.

(o P).

Familiarizar-se na técnica de asociacións, permite traballar nas aulas dun xeito máis eficaz; xa que hai moitas actividades de asociacións, por exemplo na lingua, que se relacionan con esta técnica de traballo. Citamos algunhas que costumaban facer-se a nivel **Léxico**.

1.- Asociacións pola forma.

2.- Asociacións polo significado.

Actividades ordenadas pola forma:

a): **Reunir palabras por Prefixos e Sufixos.**

Entreacto; sobredose; bocazas; retroproxeutor; paxarraco; inintelixíbel; azucareiro; indiferente;

b): **Agrupar palabras que teñan o mesmo significante e diferente significado:** (polisémicas).

É un banco de cartos; ese é un banco de peixes; sento no outro banco; teñen banco de sangue; ...

Outras actividades ordenadas pola forma:

c): **Ordenar por orde alfabética.**

Tomando como punto de partida o parentesco: avó; avoa; bisavó; bisavoa; curmá; curmán; ...

d): **Ordenar de máis a menos letras.**

Partindo, por exemplo, do nome dos animais: porco-bravo; paspallás; cabalo; pomba: gato; boi; ...

e): **Ordenar polo número de sílabas.**

Facemo-lo a partir da vivenda: casa; cocíña; entresolo; sala de xantar; servizo;...

Actividades ordenadas polo significado:

a): **Agrupar palabras que designen parte dun todo.**

Partimos do corpo humano: cabeza; cóbado; almofada; man; perna; tronco; ...

b): **Reunir palabras que indiquen a mesma utilidade.**

Utensílios que valgan para comer: culler; cadeira; coitelo; prato; carteira; garfo; ...

c): **Xuntar palabras que indiquen a mesma cualidade:**

Tomamos como punto de partida a cor verde: xesta; sol; extraterrestre; río; herba; ...

d): **Asociar palabras que teñan que ver coa mesma acción.**

- Seres ou cousas que podan voar: lobo; avespa; peixe; águia; televisor; avión; vacaloura; bolboreta; ...
- e): **Agrupar palabras que teñan que ver co espazo:**
Lugo; aquí; xogar; acolá; onde; dentro; ...
- f): **Reunir palabras que indiquen temporalidade.**
Sempre; quizá; onte; ali; hoxe; o outro antonte; ...
- g): **Ordenar canto ao/á: (tamaño, peso, prezo, cor; etc.).**
Canto ao prezo; ordenar de menos a máis caro: bicicleta; bolígrafo; avión; piano; lua; ...
- h): **Pola cantidade de persoas agrupadas:**
(indivíduo; parella; trio; cuarteto; quinteto; etc.)
- i): **De baixo arriba:**
(1º; 2º; 3º; 4º; 5º andar, etc.).
- l): **Ordenar suxeitivamente:**
(xogos; libros; programas de televisión; etc.).
- ll): **Agrupar palabras por familias léxicas:**
padeiro; lápis; carpinteiro; pan; matelo; forno; punta; mestre; etc.
- m): **Agrupar por sinónimos:**
borracheira; cabeza; raposo; testa; golpe; tralla; etc.
- n): **Asimilacións por antónimos:**
alto, fraco, branco, gordo, negro, baixo; etc.

COMO FAVORECER O DESENVOLVIMENTO DA FLUIDEZ MENTAL E VERBAL.

A cultura popular tamén nos permite practicar esta técnica en certos xogos de: arrolos, sortes de xogo, cancións, etc, xa que neles aparecen certas palabras que teñen unha determinada estrutura sonora: **igual comezo:(anáfora); e igual final: (rima).**

1. Igual Comezo na estrutura sonora.

- | | |
|--------------------|------------------|
| a): | b): |
| Polo rio abaixo, | Xa nace o trigo, |
| polo rio arriba, | xa temos pan, |
| polo rio abaixo, | xa canta o cuco, |
| vai unha sardiña, | xa vén o verán. |
| vai unha sardiña, | |
| vai un pexegueiro, | |
| que leva pexegos, | |
| no mes de Xaneiro. | |

2. Igual Final na estrutura sonora.

a):

Arre, cabaliño,
para o santiaguíño,
buscar pan e viño,
para este neniño.

Este tipo de **estruturas sonoras** tamén se produce na lingua, por exemplo a nivel **lexico**.

1): **Palabras que comezan pola mesma letra, sílaba.**

2): **Palabras que acaban na mesma letra, sílaba.**

1a. (**letra**):

fácil, fonte, fósil, fémur, futuro, ...

1b. (**sílaba**):

final; finado; finito; fineza; ...

2a. (**letra**).

can; mazapán; tan: atan; sabian; ...

FIN:

2a. (**silaba**).

confin, delfin, senfin, Serafin, ...

3.- Outras asociacións semánticas.

limpo	papel	lavar
paz	BRANCO	luz
claro	neve	inocéncia

A CULTURA POPULAR E A CULTURA QUE NOS CIRCUNDA, PARA COMPRENDER-ASIMILAR RECURSOS DA LINGUAXE.

1.- **Hipérbole:** (física e síquica).

Pode chegar-se dun xeito incosciente á asimilación deste recurso, traballando-o do xeito seguinte:

a): (**Era...**)

- Era unha persoa tan delgada, tan delgada, que para facer sombra tiña que pasar varias veces.

- Era unha persoa tan alta, tan alta, que cando lle chegaba a comida ao estómago xa estaba caducada.
- Era unha persoa tan baixa, tan baixa, que se sentaba nunha peseta e colgaban-lle os pés.
- Era unha persoa tan fraca, tan fraca, que só se via con microscópio.

A partir do anterior, inventan-se outros parecidos **para rasgos: (físicos e psicolóxicos)** da persoa. Pode partir-se de deseños *caricaturescos* de personaxes do mundo **real** ou da **ficción**.

b): Fixar-se en características físicas e síquicas, que posúen personaxes coñecidas do mundo real e do da ficción.

- *Personaxes reais*: Prisciliano; Rosalia; Pepa-Loba; Maside; O Cid; ...
- *Personaxes de ficción*: Os Pica-pedra; As Meigas; Pipi; Asterix; Pinocho; Don Quixote; Merlin; ...

2.- **Animalización**: (física e síquica).

a): Popularmente xa hai moitas animalizacións que se atribúen ás persoas, dun xeito positivo ou negativo.

- **Positivas**: vista de páxaro; cintura de avés; olfato de can; listeza de cuco, ...
- **Negativas**: cerebro de mosquito; orellas de elefante; pel de lagarto; riso caprino; ...

Caso de non coñecerenas, pode-se facer animalizacións tendo en conta: **os rasgos físicos e a conduta dos animais**.

3.- **Cousificación**: (física e síquica).

Popularmente existen moitas características de “cousas”, aplicadas a persoas dun xeito positivo ou negativo.

- **Positivas**: boca de mar; cara de rosa; pel de algodón; ollos de espello; ...
- **Negativas**: pernas de guizo, cu de botella, boca de zoca, rostro de pedra, ...

Imitando o anterior, poden inventar-se animalizacións, fixando-se nas características que presentan as “cousas”.

4.- **Ironía**.

Pode traballar-se nas aulas a partir de *ditos* populares con “**retranca**”; inventando outros a semellanza dos que xa existen.

- Era dos/das que non se sabia se subía ou baixaba.
- Era dos/as que ia cos da feira e voltaba cos/as do mercado.
- É dos/das que a mata calando.

O POPULAR E A CULTURA QUE NOS CIRCUNDA, PARA ASIMILAR AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS ENTRE UNIDADES DUN CAMPO LÉXICO:

1.- *Antonimia.*

a): **Traballar antónimos a partir de ditos populares:**

- É como un/unha lobo/a: (**féro-a**)
- É como un/unha ño/a: (**manso-a**).
- É como unha vaca: (**gordo-a**).
- É como unha araña: (**fraco-a**).

Caso de non os coñeceren, fan-se tendo en conta a conduta e a natureza física dos animais.

b): **Outras actividades para antónimos: *Os parecidos.***

- ¿En que se parece unha guitarra a un manicómio?.
- Na guitarra están as **cordas**, no manicómio as **tolas**.

A partir de **parecidos** que xa existen, inventar outros semellantes.

c): **Adaptar, por exemplo, cancións para antónimos.**

- A Carolina é unha tola,
que todo fai ao revés,
viste-se pola cabeza,
e **ispe-se** polos pés.

2. *Polisemia.*

a): **Chistes que nos levan ao descubrimento inconsciente de Polisemia.**

- ¿Porque en Lepe poñen os semáforos moi altos, moi altos?
(Para que non nos **salten** os automóveis).
- ¿Porque en Lepe plantan nas ruas cebolas?:
(Porque son boas para a **circulación**).
- ¿Porque en Lepe non se drogan?:
(Porque non lles cabe o **cabalo** na xeringa).

b): **Colmos que poden levar-nos ao concepto de Polisémia.**

(¿**Cal** é...?).

- ¿Cal é o colmo dun/dunha matemático/a?.

(Tropezar nas **raíces**).

- ¿Cal é o colmo dun labrego?:

(Ser un **ligón**).

- ¿Cal é o como dun/dunha banqueiro-a?.

(Ser un/unha **rateiro-a**).

- ¿Cal é o colmo dun químico?:

(Ser moi **sulfuroso**).

- ¿Cal é o colmo dun/dunha deputado-a?.

(Estar nas **cortes**).

c): **Outras actividades para descubrir o que é polisémia.**

Poderían inventar-se, imitando os que van a continuación:

Parecidos:

- ¿En que se parece o profesorado de antes ás moscas?.

(En que **zumban**).

¿En que se parece a policía a un botón?:

(En que **prenden**).

¿Cal é ...).

- ¿Cal é a Comunidade máis suxa de España?.

(A **Mancha**).

- ¿Cal é o deporte favorito dos cantantes?.

(O **lanzamento de disco**).

¿Que lle dixo...).

¿Que lle dixo unha bombilla a outra?.

(Estamos sempre **dando a luz** e nunca temos un fillo).

- ¿Que lle dixo un peixe a un peixiño?.

(**Nada**, fillo, **nada**).

- ¿Que lle dixo a carteira a unha persoa?:

(Cuida-me dos ladróns, porque me **limpan**).

BIBLIOGRAFIA

- Aymerich, C, e M, (1981): Expresión y arte en la escuela. La expresión oral. Barcelona: Teide.
- Bruner, J, (1984): Acción, pensamiento y lenguaje. Madrid: Alianza.
- Heinelt, G, (1979): Maestros creativos, alumnos creativos. Buenos Aires: Kapelusz.
- I.E.P.S. (1984): El desarrollo léxico en los primeros niveles de E.G.B. Madrid: Narcea.
- Linaza, J, (1984): Acción, pensamiento y lenguaje. Madrid: Alianza.
- Piaget, P, (1972): El lenguaje y el pensamiento en el niño. Buenos Aires: Guadalupe.
- Rodari, G, (1984): La gramática de la fantasía. Barcelona: Argos vergara.
- Sánchez, A, (1983): Una metodología de la lengua oral. Madrid: Escuela Española.
- Siguán Soler, M, (1983): Metodología para el estudio del lenguaje en la infancia. Barcelona: Univ.
- Vygotsky, Lev.S. (1977): Pensamiento y lenguaje. Buenos Aires: La Pléyade.